



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A matrícula extraordinaria que establece nos Estatutos no seu artigo 155, 1.b é desenvolvido polo Acordo de Xunta de Goberno do 2 de xuño de 1995.

O citado Acordo entre outros aspectos establece que os alumnos que cursen estudos en réxime de matrícula extraordinaria deberán ser cualificados coas mencións "APTO" e "NON APTO".

Algúns dos alumnos en réxime de matrícula extrarodinaría recibiron as cualificacións previstas para os alumnos de matrícula ordinaria, polo que procede a súa modificación.

Ó considerarse un erro material e ó estar perfectamente definidos tódolos extremos da corrección, nos que non se require un pronunciamento do profesor encargado da materia, estimase conveniente non instruír o procedemento de modificación de actas, senón autorizar ós xefes da Unidades de Xestión Académica a que realicen as correccións oportunas.

POLO EXPOSTO ESTA SECRETARÍA XERAL RESOLVEU:

ÚNICO.- Autorízase ós Xefes das Unidades de Xestión Académica, a que realicen as modificacións das cualificacións que recibiran os alumnos que realicen estudos en réxime de matrícula extraordinaria conforme ós seguintes extremos:

- a) Se recibira cualificación de aprobado, notable, sobresaiñte, matrícula de honra, será modificada pola mención de "APTO".
- b) Se recibira cualificación de suspenso, será modificado pola mención de "NON APTO".

As mención "APTO" e "NON APTO" poráñse marginalmente nas actas e se saivará esta anotación coa seguinte dilixencia:

"Dilixencia para facer constar que as cualificacións dos alumnos _____ foron modificadas pola mención de _____"

Todo elo en cumprimento ó establecido polo Acordo de xunta de Goberno do 2 de xuño de 1995 e de acordo coa instrucción do Secretario Xeral do 18 de marzo de 1996.

_____ de _____ de 1.99__

O XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA"

Santiago, 18 de marzo de 1996

O SECRETARIO XERAL



[Handwritten signature]

Gumersindo Guinarte Cabada